

**POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
24 NOVEMBRO 2019**

Servireite cada día, Cristo, meu Rei.

1. VER: Vivir coma un rei.

- Oístes esta expresión: “gustaríame vivir coma un rei”, dina os que lles gustaría vivir nun palacio, con moita xente que os sirva, con riquezas, con viaxes polo mundo e pasándoo moi ben... Outros valoran máis o ter amigos, gozar da liberdade, facer un traballo que lles gusta...
- Érase unha vez un rei que quixo compartir os seus bens con todos os seus súbditos. Reuníunos no patio de armas onde estaban expostas todas as riquezas do rei: xoias, reloxo, alfombras, coches..., cada un podería coller o que quixese. Unha anciá achegouse ao trono do rei e preguntoulle: “É verdade, maxestade, que podo elixir o que queira do que aquí vexo”? “Si, pode elixir o que vostede queira”, contestoulle o rei. “Entón, eu elixo o rei”, dixo a anciá. “Por elixir o rei, todo o meu é tamén seu”. E entrou a formar parte da familia do Rei.

Que che parece? Que elixirías ti?

2. XULGAR: Cristo, un rei distinto, que quere reinar.

- No evanxeo deste domingo, finalizando o tempo ordinario, Xesús morre na cruz para salvarnos e pónenlle un letreiro coa inscrición **INRI** (“*Rei dos xudeus*”). E promételle ao bo ladrón: “*Hoxe estarás comigo no paraíso*”.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

1. XESÚS QUERE SER O TEU REI:

- * Quere reinar no teu corazón, quere ser o máis importante que hai na túa vida, que vivas para el... Así que serás da súa familia como a anciá do conto. *Procura quererlle, agarrarte á súa cruz*

e servilo (ver debuxo de Fano), déixate acompañar e guiar por el... Así será o teu rei e iso vale máis que todo o ouro do mundo...

2. XESUS NON É UN REI PODEROSO:

*Na época de Xesús os reis impoñían o seu poder á forza, quitaba as riquezas...

*Xesús é un rei distinto: o seu trono non é de ouro senón unha cruz, a súa coroa non é de brillantes senón de espinas, como palacio elixiu un presebe e o corazón das persoas, os seus amigos non son os nobres senón os pobres, o seu manto é a misericordia e o perdón, e o seu escudo o amor. Aprende a vivir coma el, dille que queres “estar con el no paraíso”, é dicir, vivir o estilo do Reino de Deus.

3. O QUE HA DE REINAR EN NÓS.

*Este domingo recordamos que na nosa vida debe reinar o amor, o sorriso, o abrazo. Todo reino ten unha bandeira que o representa. Que a bandeira dos cristiáns, da nosa comunidade ou parroquia sexa a alegría, o perdón, a misericordia... Que ao saír pola porta todos digamos: “paga a pena ser cristián”... Esa é a razón pola que cada domingo facemos presente a Xesús, para que día a día o seu reino siga connosco.

***Que che está pedindo Xesús?
Que podemos facer?***

3. ACTUAR: Servireite cada día, Cristo, meu Rei.

- Facede unha representación do evanxeo. Vestide un rei dos de antes e a Xesucristo ante Pilato explicando a diferenza dos reinos.

- Pedídlle a Xesús que sexa o voso Rei e que vos axude a vivir o estilo de vida do Reino.

- Facede unha coroa para cada neno da que colguen dúas cinta: nunha a palabra “lembra” (“Lémbrate de min”...) e na outra cinta outra palabra co que é Xesús para ti: amigo, compañeiro, perdón, forza...

Que imos facer?

A PALABRA

2º SAMUEL 5, 1-3: *Eles unxiron a David como rei de Israel.*

Naqueles días, todas as tribos de Israel presentáronse ante David en Hebrón e díxéronlle:

«Óso teu e carne túa somos. Desde hai tempo, cando Saúl reinaba sobre nós, eras ti o que dirixía as saídas e entradas de Israel.

Pola súa banda, o Señor díxoche:

“Ti pastorearás o meu pobo Israel, ti serás o xefe de Israel”».

Os anciáns de Israel viñeron ver o rei en Hebrón. O rei fixo unha alianza con eles en Hebrón, en presenza do Señor, e eles unxírono como rei de Israel.

Palabra do Señor.

SALMO 121:

R/. Imos alegres á casa do Señor.

COLOSENSES 1, 12-20:

Trasladounos ao reino do Fillo do seu amor.

LUCAS 23, 35-43: Señor, lémbtrate de min cando chegues ao teu reino.

Narrador: Os maxistrados facían xestos a Xesús dicindo:

Autoridades: -«*A outros salvou; que se salve a si mesmo, se el é o Mesías de Deus, o Elixido*».

Narrador: Burlábanse del tamén os soldados, que se achegaban e ofrecíanlle vinagre, dicindo:

Autoridades: -«*Se es ti o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo*».

Narrador: Había tamén por encima del un letreiro: «*Este é o rei dos xudeus*». Un dos malfeitores crucificados insultábo dicindo:

Mal ladrón: -«*Non es ti o Mesías? Sálvate a ti mesmo e a nós*».

Narrador: Pero o outro, respondéndolle e increpándoo, dicíalle:

Bo ladrón: -«*Nin sequera temes ti a Deus, estando na mesma condena? Nós, en verdade, estámolo xustamente, porque recibimos o xusto pago do que fixemos; en cambio, este non fixo nada malo*».

Narrador: E dicía:

Bo ladrón: -«*Xesús, lémbtrate de min cando chegues ao teu reino*».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso*».

Palabra del Señor.

(Narrador-Autoridades-Mal ladrón-Bo ladrón-Xesús).